

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 21 DE FEBREIRO DE 2025

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e un de febreiro de dous mil vinte e cinco, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as once horas corenta e cinco minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 17 de febreiro de 2025, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA PARA ACTUACIÓNS DE MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS TURÍSTICAS

Dáse conta aos/ás Sres./as concelleiros/as asistentes da Resolución do 7 de febreiro de 2025 da Axencia de Turismo de Galicia pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións a concellos de ata 10.000 habitantes para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas e se anuncia a convocatoria

para o ano 2025 (DOG núm. 35, do 20/02/25). O Sr. alcalde informa que considera conveniente optar a dita subvención para poñer en valor o noso patrimonio natural e cultural a través da creación dunha ruta de sendeirismo, conservando e potenciando o seu valor cultural histórico.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Axencia de Turismo de Galicia unha subvención por importe de VINTE E NOVE MIL OITOCENTOS DEZASETE EUROS CON CORENTA E CINCO CÉNTIMOS (29.817,45 €) para levar a cabo a actuación denominada “*Creación de ruta de sendeirismo en Asperelo*”.

Segundo.- Aprobar a memoria técnica valorada asinada, con data 29/02/24, polo arqueólogo Don Sergio Sánchez García.

Terceiro.- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na resolución da convocatoria.

Cuarto.- Acreditar a dispoñibilidade por parte do Concello sobre os terreos e inmobles nos que se vai desenvolver a actuación.

Quinto.- Comprometerse a financiar o importe da actividade que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista segundo a documentación achegada coa solicitude.

Sexto.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine a correspondente solicitude e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do acordado.

3.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2025

Dáse conta aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da convocatoria de subvencións realizada pola Deputación Provincial dirixidas aos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra para o fomento da

igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2025 (BOP núm. 17, do 27/01/25) e a conveniencia de solicitar dita axuda para o financiamento de dous bloques de accións: un campamento de verán denominado “*Rodeiro de Aventura*”, a desenvolver no período de vacacións escolares de verán, entre os meses de xullo e agosto, en horario vespertino; e a elaboración do IV Plan para a igualdade do Concello de Rodeiro.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a solicitude de subvención para o proxecto denominado “*EQUAL-CAMBA 2025*”, cun orzamento total por importe de DOCE MIL OITOCENTOS VINTE E CATRO CÉNTIMOS (12.824,00 €), IVE incluído.

Segundo.- Solicitar á Deputación Provincial a cantidade de SEIS MIL EUROS (6.000,00 €) para a realización das actividades incluídas no proxecto.

Terceiro.- Asumir o compromiso de financiar o importe dos custos necesarios para completar o orzamento previsto para a realización da actividade.

Cuarto.- Aceptar integramente as bases reguladoras e asumir os compromisos que nelas se establecen.

Quinto.- Facultar ao Sr. alcalde, para que na representación do Concello, solicite a subvención e asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade do acordado.

4.- RECOÑECEMENTO DE COMPLEMENTO DE ANTIGÜIDADE A TRABALLADORA LABORAL FIXA DO CONCELLO

VISTA a petición formulada polo traballadora laboral fixa, coa categoría de auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), Dona Esperanza Silva González (RE núm. 169, do 07/02/25), solicitando o recoñecemento do complemento de antigüidade que lle corresponda en virtude do tempo traballado para o Concello.

RESULTANDO que no seu expediente persoal constan acreditados os servizos recoñecidos como traballador laboral deste Concello dende a súa contratación laboral.

RESULTANDO que á data da súa contratación laboral fixa ten acreditado un período de 1.731 días traballados nesta entidade local.

VISTOS o Estatuto Básico do Empregado Público, o Estatuto dos Traballadores e demais disposicións concordantes e complementarias, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

RECOÑECER á traballadora laboral fixa Dona Esperanza Silva González o seu dereito a percibir un trienio de antigüidade con data de consolidación do día 4 de abril de 2023 e con efectos económicos do día 1 de xaneiro de 2025.

5.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- FARO DE VIGO S.A.U. 419,95 €
Por subscrición anual ao diario, s/factura núm. @2025/0000036 (FACe).
- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A. 17.889,33 €
Por consumos de enerxía eléctrica no Concello no mes de xaneiro de 2025, s/recibos.
- NATURGY IBERIA S.A. 7.311,43 €
Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais no mes de xaneiro de 2025, s/recibos.
- FRANCISCO JAVIER ALMÓN CERDEIRA 268,97 €
Honorarios por representación procesual do Concello en procedemento ordinario social núm. 677/2023 ante o Xulgado do Social núm. 4 de Pontevedra, s/minuta núm. 2025/31.

- AMBIGAL 360 S.L. 330,00 €
Por importe mensual do servizo consistente na recollida selectiva da fracción papel-cartón, s/factura núm. 01-A250052 (FACe).
- TARABELA CREATIVA S.C. 2.904,00 €
Por representación da obra de teatro “*Boa sorte, mala fama*”, dentro do programa +Escénicas, s/factura núm. TC25/005 (FACe).

Obradoiro dual de emprego “Terras de Camba I”

- PREVISONOR S.L. 1.654,36 €
Por servizos de prevención técnica, vixilancia da saúde e recoñecementos médicos, s/factura núm. P25/02/0952 (FACe).
- EBOS RAMÓN AGOLADA S.L. 3.255,90 €
Por subministro de vestiario e calzado de traballo, s/factura núm. V/51 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as doce horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)